



No curso académico 2000/2001 entran en vigor moitos planos de estudos que foron modificados consonte á normativa vixente e seguindo as directrices aprobadas no seu día polo Claustro Universitario. Moitos destes planos de estudo implántanse nun só curso, e polo tanto quedan a extinguir tódolos cursos do plano que substitúen, polo que son moitos os alumnos afectados polas modificacións dos planos de estudo.

As normas de Xestión Académica e maila Convocatoria de matrícula para o curso 2000/2001 establecen que non se poden matricularse materias de fin de carreira de previamente non se tivo matriculado delas, o que sería imposible de cumprir no caso dos alumnos que se adapten os planos novos que se implantan de golpe no presente curso. De manter este requisito para estes alumnos estaríamos impedíndolles, a posibilidade de concorrer á convocatoria de Fin de Carreira neste curso o que podería ocasionarlles algún prexuízo.

**Polo que para evitar esta situación resolvo**

**ÚNICO.-** Non será de aplicación no curso 2000/2001 para os alumnos que se adaptan a un plano de estudos reformado o apartado das normas de matrícula que establece que "*os alumnos non poderán matricularse de materias que non foran obxecto de matrícula en convocatorias ordinarias de cursos anteriores*". En todo caso estes alumnos si deberán reunir tódolos demais requisitos para formaliza-la matrícula de fin de carreira.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2000

**O RECTOR**

**Darío Villanueva Prieto.**

Vicerecutor de Ordenación Académica e Titulacións, Secretaría Xeral. Sr/as. Decano/as e Director/as de Centro, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Sr/as Xefe/as das Unidades de Xestión Académica, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE.